Escola Técnica Superior de Enxeñaría
Rúa Lope Gómez de Marzoa
Campus Universitario Sur
15782 Santiago de Compostela

NOTA DE PRENSA 12 de Novembro de 2007| 09:00h

Enxeñería Sen Fronteiras realiza unha xornada de presentación das actividades desenvoltas na súa sede compostelán.

Santiago de Compostela, 12/11/07. Este mércores 14 as 19 horas na aula 5 da Escola Técnica Superior de Enxeñería (ETSE) no Campus Sur Compostelán terá lugar unha xornada de presentación da ONGD Enxeñería Sen Fronteiras (ESF). Baixo o lema "Apetéceche facer algo máis?" os membros da ONGD intentarán convidar a todos aqueles que alí se acheguen a colaborar nas distintas actividades que actualmente está a desenvolver ESF no campus compostelán. Ademáis Cristina Zolle, coordinadora do grupo de desenvolvemento rural, presentará un novo proxecto desenvolvido en Nicaragua, baixo a denominación de 'Apoio a productores para a realización de boas prácticas agrosilvopastorais e reducción de áreas degradadas en 4 comunidades da parte alta da subcunca do Río Viejo (Jinotega, Nicaragua)'. O proxecto localízase na parte alta da subcunca do Río Viejo, no departamento de Jinotega, involucrando a catro alcaldías e afectando directamente a 60 familias. Céntrase en de protexer e recuperar as zonas de recarga na parte alta da subcunca do Río Viejo, por ser estas as máis importantes para a calidade e a cantidade do recurso hídrico augas abaixo. Con tal obxectivo abrénse tres vías de actuación:

- Definición e implementación de plans de manexo de fincas.
- Mellora da eficiencia e reducción no uso de leña mediante a implantación de cociñas melloradas, biodixestores asociados a cociñas melloradas e manexo sostible de plantacións enerxéticas ou maderables.
- Recuperación de áreas degradadas mediante boas prácticas agroforestais.

Todos aqueles interesados en ampliar a súa información poden facelo consultado a web http://galicia.isf.es/ ou ben escribindo a seguinte dirección compostela@galicia.isf.es

Contacto: Cristina Zolle (Responsábel de Comunicación) | criszolle@hotmail.com | 660874463

¿Queres facer algo máis?

Esperámoste en Santiago o **mércores 14 de novembro** ás 19 horas na **Aula 5** da Escola Técnica Superior de Enxeñería (Campus Sur) para presentarche:

O que fan máis de **50 voluntarios** de Enxeñería Sen Fronteiras en Galicia.

O **Proxecto de Cooperación** do grupo **AGRO** en Nicaragua sobre a execución de **boas prácticas en áreas degradas.**

Enxeñería Sen Fronteiras

http://galicia.isf.es